

## RAMÓN EN PÉ

-Ramón Cabanillas, in memoriam

Nunca os nomes da nosa xeografía cadraran  
coma en ti as marabillas da lingua e da muiñeira:  
Cabana, Illas, Cambados...  
tal solago Arousa nos devires das idades  
que son auga e pan, seara e brétema, solpor  
rechamante, arco e bóveda,  
castelo, cunca, outeiro, rosalía, pondal,  
cerceo, curros, requeixo, códea, mendiño...  
Que saberán dicir  
os teus agora nenas, nenos, senón son albas  
e foguetes, música e canto, fulgor da noite  
estrelecida, moncho?

Noso amigo en agras e dos soños *no desterro*:  
a vida cumple ou pasa e sempre fica a memoria  
da Casa en primavera.

Xosé Vázquez Pintor  
Na Terra do Medio, 31 de marzo 2009